

MAIS DE 70 PEME_s PARTICIPAN NUN SEMINARIO SOBRE MARKETING DIXITAL ORGANIZADO POLO CESGA DENTRO DOS PROXECTOS ICHNOS Plus e EVITA

Acto: Seminario para PEME_s "**As 22 técnicas básicas do Marketing Dixital para emprendedores e empresas**", impartido por Montserrat Peñarroya, (GEA, Internet Projet Consulting e Solostocks.com)

Día: Xoves, 17 de Xuño, 2010

Hora: 9:30 a 18:30 horas

Lugar: Hotel Attica 21, A Coruña

Santiago, mércores 16 de xuño, 2010. – Mañá xoves 17 de xuño, se celebra en A Coruña a Xornada de Orientación ás PEME_s, organizada polo CESGA no marco dos proxectos europeos ICHNOS Plus e EVITA, do programa INTERREG IVC. Na xornada, de asistencia gratuíta, participan mais de 70 PEME_s, e versará sobre posicionamento en Internet e Marketing Dixital, ferramentas de apoio a emprendedores e empresas na rede, tele-formación e Marketing Dixital para PEME_s.

Baixo o título "**As 22 técnicas básicas do Marketing Dixital para emprendedores e empresas**", Montserrat Peñarroya, Conselleira Delegada de GEA, Internet Project Consulting e fundadora do Portal Solostocks.com (o maior mercado online de B2B de España), impartirá este seminario, no que tamén se presentarán os **Proxectos Europeos ICHNOS Plus e EVITA**, así como técnicas de Marketing Dixital, posicionamento en Internet e ferramentas de teleformación en e-Business, comercio electrónico e web 2.0 para PEME_s.

Entre as técnicas do Marketing Dixital para emprendedores e empresas, explicaranse técnicas que melloran a comunicación online, o incremento de vendas a través da web, como atraer visitas, converter as visitas en contactos e os contactos en consumidores. Tamén se falará da fidelización de clientes, a Web 2.0, e posicionamento en Internet.

Na xornada darase acceso a unha plataforma de teleformación nos temas mencionados, coa posibilidade de recibir soporte on-line. O seminario é cofinanciado polo programa europeo Interreg IVC, dentro dos proxectos ICHNOS Plus e EVITA.

Acerca do CESGA: O Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) é unha Fundación participada pola Xunta de Galicia e polo Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC). Dende a súa creación en 1993, o CESGA ten a misión de contribuír ao avance da ciencia e a técnica mediante a investigación e aplicación de computación e comunicacións de altas prestacións, en colaboración con outras institucións, para beneficio da sociedade.

Máis información:

<http://seminario.e-negociogalicia.com/>

<http://www.interreg-caraibes.org>

www.cesga.es

CESGA: 98156 9810